



III CONCURSO DE GAITEIROS MANUEL VILLANUEVA

BASES

1. Poderán participar todos os conxuntos de tres integrantes de calquera procedencia xeográfica que o desexen formados exclusivamente por gaita galega, redobante e bombo.
2. Só se admitirán instrumentos considerados tradicionais. No caso da percusión admitiranse tamén caixas e bombos de corpo metálico e parche de pel, sempre e cando respecten a estética e o son dos conxuntos galegos da nosa tradición.
3. Os participantes non poderán presentarse en ningún caso con máis dun conxunto.
4. Todos os participantes deberán vestir traxe galego. Os homes deberán levar cuberta a cabeza cunha monteira ou similar.
5. Establecerase unha soa categoría sen límite de idade na que participarán un máximo de 15 conxuntos seleccionados por rigorosa orde de inscrición. A organización informará aos conxuntos seleccionados unha vez rematado o prazo de inscrición.
6. Os conxuntos que desexen participar no concurso deberán dirixir, en persoa ou por correo postal, unha folla inscrición por conxunto perfectamente cuberta ao seguinte enderezo:

Concello de Poio
Rexistro
III Concurso de gaiteros Manuel Villanueva
Praza do Mosteiro, 1 (Convento- San Xoán)
36.995, San Xoán Poio

A folla de inscrición deberá ir obrigatoriamente acompañada das partituras das pezas a interpretar así coma dun breve currículo dos integrantes do conxunto que non supere as 15 liñas. En ningún caso serán admitidos os cambios dos datos que aparezan na folla de inscrición.

7. O prazo de inscrición remata o día 6 de xullo de 2006 ás 12 horas.
8. Todos os conxuntos seleccionados deberán presentarse ao pé do escenario montado na praza da Chousa (Combarro - Poio) o 8 de xullo de 2006 ás 18 h para confirmar a súa participación.
9. O concurso dará comezo ás 19 h.
10. A orde de actuación será inversa á de inscrición.
11. Os conxuntos participantes interpretarán dúas pezas como mínimo, e polo menos unha delas será tradicional¹ nun espazo de tempo máximo de 6 minutos; non se terá en conta o tempo de afinación sempre que non sexa excesivo. As penalizacións por tempo serán aplicadas cun punto por cada 10" tanto por riba do tempo estipulado coma por debaixo de 5' 30".

¹Englobamos neste termo todas as pezas que aparecen nos cancioneros galegos así como as recollidas en traballos de campo a gaiteros tradicionais galegos até a actualidade incluídas as que sexan da súa autoría.



12. Premios:

1º Premio dotado con 1100 € e trofeo

2º Premio dotado con 800 € e trofeo

3º Premio dotado 600 € e trofeo

Establecerase un premio especial **Manuel Villanueva** con 600 € e trofeo para o gaiteiro que mellor interprete unha peza do repertorio de Manuel Villanueva, gaiteiro de Poio, con gaita galega en calquera tonalidade e dixitación. O xurado terá en conta para a puntuación a utilización de gaita tombal con ronquillo e a interpretación en toque pechado (en particular a dixitación pechada propia desta zona). Este premio será compatible con calquera dos outros tres e tamén poderá recaer sobre un conxunto non premiado.

13. A contía de todo os premios expresados nas presentes bases é bruta, de cada importe minorarase o establecido 15% de I.R.P.F., que será ingresado por este concello na administración correspondente segundo a lexislación en vigor.
14. Calquera dos premios pode quedar deserto se o xurado así o estima.
15. O xurado será nomeado pola organización e estará composto por catro persoas de recoñecido prestixio. Entre os membros do xurado haberá dous especialistas de gaita, un de percusión e un de calquera outro ámbito da música en xeral. Estes especialistas serán os encargados de xulgar as actuacións dos participantes seguindo as indicacións estipuladas nas presentes bases. O xurado terá que escoller aos participantes que, ao seu xuízo, sexan os merecedores dos premios que se ofrecen. O xurado poderá descualificar a calquera conxunto que incumpra algunha das bases reguladoras deste concurso. Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do xurado. As decisións do xurado serán inapelábeis.
16. En xeral o xurado valorará o emprego de dixitacións, xiros e técnicas propiamente galegas, a interpretación e afinación individual así como a sonoridade, empaste e coordinación do conxunto, a dificultade das pezas e os arranxos.
17. O conxunto que resulte gañador da edición repetirá unha das súas intervencións como broche de ouro dando por finalizado o concurso ao seu remate.
18. A interpretación dos conxuntos será gravada en directo. A organización resérvase os dereitos de gravación e edición de todos temas interpretados neste concurso, respectando tanto os nomes das pezas e dos seus autores como os dos integrantes dos conxuntos que as interpretan.
19. A inscrición no concurso implica a total aceptación das bases.

Poio, 22 de maio de 2006